



CONSORCIO DE
SANTIAGO

Newsletter

Febreiro 2021

REHABILITACIÓN |

Axudas para a rehabilitación dos elementos especiais de madeira e reixas e o mantemento da envolvente exterior dos inmobles da cidade histórica

O Consorcio de Santiago ten en marcha unha nova convocatoria do programa "Terémantter", dirixido á rehabilitación dos elementos especiais de madeira e reixas e ao mantemento da envolvente exterior dos inmobles da cidade histórica. A través destas axudas búscase ademais apoiar a mellora da eficiencia enerxética e o illamento acústico dos edificios.

O organismo destinará a esta convocatoria 410.000 €. As axudas abranguen os honorarios profesionais de redacción da documentación técnica e dirección da obra, de elaboración do Informe de Avaliación do Edificio (IEE) e de redacción do Plan de Mantemento do edificio de uso de vivenda. Así mesmo, o Consorcio ofrece asistencia técnica en todo o proceso.




EXPOSICIÓN |

Na Casa do Cabido pode facerse un percorrido polas instalacións de Lois Patiño e Jorge Perianes

Continúa a exposición "Dobre Quadratura" na Casa do Cabido, na praza das Praterías. Os artistas Lois Patiño e Jorge Perianes presentan varias instalacións moi singulares. En *Unha habitación para a noite* Lois Patiño amosa unha paisaxe mariña nocturna da Costa da Morte observada desde grande altura; por outro lado, a cidade de Tokio transfórmase durante a noite. Pola súa parte, Jorge Perianes converte os espellos en protagonistas da súa obra; o espectador deberá transitar polo espazo para ver distintas pezas, cadros, plantas...

A Casa do Cabido abre de martes a sábado de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas, e os domingos de 11:00 a 14:00 horas.



MÚSICA |

Joana Carneiro, á fronte da Real Filharmonía de Galicia

Se a situación sanitaria o permite, a Real Filharmonía de Galicia recibirá en marzo á súa principal directora convidada, Joana Carneiro, o 11 en Santiago e o 12 en Ferrol. Baixo o título "Mozartiana", o programa inclúe obras de Mozart, Chaikovski e Astor Piazzolla.

O día 18 Wayne Marshall porase de novo á fronte da orquestra, ao tempo que interpretará a Gershwin ao piano. O 25 de marzo Paul Daniel dirixirá a estrea absoluta de "Un ollo de vidro", unha obra do compositor galego Antón Alcalde realizada por encargo da RFG; tamén soará "A canción da terra" de Mahler nas voces da soprano Marina Pardo e do tenor Andeka Gorrotxategi.

Clases maxistras na EAEM

Nos vindeiros meses contarase coa presenza de recoñecidos solistas de prestixio nacional e internacional que impartirán clases na Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM). É o caso do clarinetista Hermann Stefánsson e o oboísta Washington Barella.

Os interesados en participar nestas sesións poderán matricularse a través da páxina web da Escola -www.eaem.es-. Os aspirantes deben estar cursando como mínimo os últimos cursos de grao medio de música.



O oboísta Hermann Stefánsson regresa á EAEM